

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:  
CURSO:  
MATERIA:  
DEPARTAMENTO:  
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>MATEMÁTICAS</b>	
<p>MATE 1. Aplicar a situacións variadas e familiares os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números de ata seis cifras e resolver problemas sinxelos en que sexa necesario lellos, escribilos, ordenalos, comparalos, representalos, serialos, descompoñelos... interpretando o valor de cada unha das súas cifras.</p>	<p>Le, escribe e ordena números ata o 10.000. Aproxima números á decena, centena e millar Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.</p>
<p>MATE 2. Resolver problemas diversos relacionados co medio que esixan certa planificación, control do proceso e actitude favorable, aplicando unha ou dúas operacións numéricas, usando estratexias persoais de resolución.</p>	<p>Analiza e comprende o enunciado dos problemas Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares</p>
<p>MATE 3. Realizar cálculos con números naturais, utilizando o coñecemento do sistema de numeración decimal, o procedemento máis axeitado, os recursos máis convenientes e as propiedades das operacións (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra)</p>	<p>Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra</p>
<p>MATE 4. Realizar medicións escollendo, entre as unidades (lonxitude, capacidade, peso, tempo e as derivadas do sistema monetario) e instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao que se vaia medir.</p>	<p>Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións</p>
<p>MATE 5. Obter información puntual dunha representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano dunha pista, maqueta do patio...), describirla e representala sinxelamente tomando como referencia obxectos familiares</p>	<p>Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o</p>

<p>coa finalidade de resolver problemas elementais do medio próximo</p>	<p>vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.</p>
<p>MATE 6. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos). Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.</p>	<p>Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice). Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos</p>
<p><b>LINGUA E LITERATURA GALEGA E CASTELÁ</b></p>	
<p>L.C y L.G. 1.Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversación, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos respectando as normas que rexen estas situacións</p>	<p>Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.</p>
<p>L.C y L.G. 2. Comprender textos orais e escritos de uso cotián extraendo o sentido global das mensaxes orais. Empregar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan e leen as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión</p>	<p>Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información Identifica as palabras clave dun texto. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula</p>

<p>L.C y L.G. 3. Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.</p>	<p>Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.</p>
<p>L.C y L.G. 4. Memorizar e reproducir textos orais e escritos propios da literatura popular empregando a pronunciación e entoación axeitadas.</p>	<p>Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade</p>
<p>L.C y L.G. 5. Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación axeitadas vencelladas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar a outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).</p>	<p>Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. Elabora glosarios coas novas palabras. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.</p>
<p>L.C y L.G. 6 Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.</p>	<p>Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, utilizando elementos de cohesión básicos Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel Reproduce textos ditados sinxelos Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros</p>
<p>L.C y L.G. 7. Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía como fonte de información</p>	<p>Identifica as palabras clave dun texto.</p>

<p>e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.</p> <p>Coñecer textos de literatura infantil (poesía, cómics, contos...) axeitados ao ciclo, coa finalidade de gozo coa lectura e de uso como modelo para as súas reescrituras, reelaboracións e producións escritas.</p>	<p>Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes</p> <p>Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.</p> <p>Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado</p> <p>Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.</p> <p>Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.</p> <p>Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula</p>
<p>L.C y L.G. 8. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz</p>	<p>Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro</p> <p>Utiliza as normas ortográficas básicas.</p> <p>Utiliza palabras sinónimas, antónimas</p> <p>Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas</p> <p>Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado</p> <p>Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.</p> <p>Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas</p> <p>Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas</p> <p>Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos e técnicas de avaliación:</b></p> <p>Informes previos dos alumnos. A observación sistemática. A análise das producións do alumnado. As probas orais e escritas Rexistro do observado e avaliado.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <p>Instrumentos de <b>observación</b>: os diarios de clase, as escalas de valoración(ACTITUDE) e listas de control(TRABALLO DIARIO).</p> <p>Instrumentos de <b>interrogación</b>: cuestionarios</p> <p>Instrumentos de <b>análise</b>: análises de contido, tarefas e proxectos, tests/probas elaboradas polos docentes</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>ALUMNADO COAS DÚAS AVALIACIÓNS APROBADAS:</b> Estes estudantes teñen o curso aprobado. A súa nota obtense coa media da 1ª e 2ª avaliación. Sempre coa intención de que repercuta na valoración positiva do traballo do alumnado, a realización das tarefas proposta no terceiro trimestre serven para matizar esa nota.</p> <p><b>ALUMNADO CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS:</b> Houbo 3 alumnos coas linguas suspensas na 1ª avaliación e 1 con matemáticas. Todos eles acadaron os obxectivos mínimos durante a 2ª avaliación. con actividades de apoio. A estes estudantes propoñémoslle tarefas específicas para poder recuperar. Por tanto, estes estudantes deberían centrarse en recuperar a avaliación suspensa e o seu traballo debería dirixirse exclusivamente a isto.</p> <p><b>PARA OBTEN A NOTA FINAL TERASE EN CONTA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Resultados da 1ª e 2ª avaliación.</li><li>➤ Valoración das tarefas propostas na materia para a recuperación, reforzo e/ou repaso.</li><li>➤ Valoración, se é o caso, das tarefa de ampliación propostas.</li></ul> <p><b>PARA OBTEN A CUALIFICACIÓN FINAL:</b> A cualificación final do curso obterase en base a estes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>➤ Media aritmética da cualificación da 1ª e 2ª avaliacións.</li><li>➤ Revisión desta media aritmética á alza, sobre todo no alumnado que amose interese no desenvolvemento das actividades de repaso, reforzo e ampliación propostas.</li></ul>

	<p>Sempre coa intención de que repercuta na valoración positiva do traballo do alumnado, a realización das tarefas proposta no terceiro trimestre serven para matizar esa nota.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><b>Criterios de cualificación:</b>  Realizarase un seguimento das tarefas, coa adaptación necesaria en cada caso, para comprobar que o seu nivel de competencia está progresando e supera o nivel requirido para o curso pendente.  Para obter a nota deste 3º trimestre terase en conta:  - Resultado da 1ª avaliación.  - Valoración das tarefas de repaso e reforzo propostas durante este trimestre.  Sempre tendo en conta que as actividades propostas durante este 3º trimestre tenderán á que o alumnado obteña unha avaliación positiva no mesmo, a cualificación final obterase realizando a media aritmética da cualificación da 1ª e 2ª avaliacións</p>
	<p><b>Procedementos de avaliación:</b>  A través da revisión tarefas das realizadas polo alumnado</p> <p><b>Instrumentos de avaliación:</b>  Tarefas enviadas polo alumnado coa resolución das tarefas</p>



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Neste 3º trimestre as actividades propostas son de reforzo, repaso e afianzamento.</p> <p>Establécense tarefas de busca de información, interactivas,..</p> <p>Produción de textos, debuxos , esquemas....</p> <p>Break outs como autoavaliación.</p> <p>Encontros semanais con familias e alumnos....</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todos os alumnos poden acceder á Aula virtual do centro que é onde se colocan as propostas de actividades.</p> <p>En canto ao xeito de realización e entrega das tarefas adaptáronse de xeito que todos os rapaces e rapazas poidan facelo.</p> <p>Ben a través da Aula Virtual ou mediante o correo electrónico de aula creado para tal fin.</p> <p>Así mesmo o espazo abalar converteuse en fonte de comunicación entre familia e centro.</p> <p>Ao longo da semana a través do servizo Webex, realízanse sesións de encontro entre alumnos e alumnas co mestre, e tamén coas familias.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os recursos e materiais utilizados van desde vídeos para afianzar contidos, fichas de reforzo, pequenos traballos de investigación, Pequenas autoavaliacións e break outs para comprobar os resultados a través de recursos coma os formularios de google e a plataforma Genially.</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Se informará a través da páxina web do centro, Aula virtual Abalar móbil, Webex..</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro, Aula virtual Abalar móbil, Webex..</p>